

Proxecto de Fomento de Uso do Galego 2019-2020



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**

IES Camilo José Cela (Padrón)



ÍNDICE

1. BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO páx. 2
2. COMPOSICIÓN DO EDLG páx. 6
3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA páx. 6
3.1. ORIENTADOS Á CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO páx. 6
3.2. ORIENTADOS Á SITUACIÓN DO PROFESORADO páx. 7
3.3. ORIENTADOS Á SITUACIÓN DO ALUMNADO páx. 7
3.4. ORIENTADOS Á SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO páx. 7
4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA páx. 7
4.1. MELLORA SOCILINGÜÍSTICA DO CONTORNO páx. 8
4.2. APOIO LINGÜÍSTICO AO PROFESORADO páx. 8
4.3. POTENCIACIÓN DAS ACTIVIDADES DIRIXIDAS AO ALUMNADO páx. 9
4.4. MELLORA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO páx. 10
5. PROGRAMA DE ACTIVIDADES páx. 11
6. CADRO-RESUMO DE ACTIVIDADES páx. 16





1. BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO


O IES Camilo José Cela é un centro de ensino enclavado no centro urbano da vila de Padrón, núcleo cunha poboación de preto de 8500 habitantes. O IES acolle alumnos e alumnas do centro da vila de Padrón e tamén das parroquias rurais, sobre todo das de Herbón, Iria e Carcacia. Nos cursos de Bacharelato, aínda que tamén nalgún da ESO, incorpórase alumnado que provén de centros veciños situados en concellos limítrofes, máis pequenos e rurais como Rois, Cesures e Dodro. A presenza de alumnado procedente doutros países ou comunidades é moi minoritaria, tan só un alumno e unha alumna de ascendencia romanese e dúas alumnas e un alumno de orixe venezolana. Este curso contamos cun total de 238 alumnos e alumnas.

Contorna sociolingüística do centro.

As enquisas deseñadas para a última revisión do Proxecto Lingüístico do centro mostran un contexto socio-familiar na contorna do centro en que o idioma galego é maioritario. Así, perante a pregunta ás familias pola lingua predominante no fogar, as respostas son claras en relación á fortaleza da lingua galega no contorno:

Cal é a lingua maioritaria de relación cos membros da familia no teu fogar?

63 respostas




Por outra parte, detéctase unha gran receptividade e apoio ás medidas de promoción do idioma no contexto do centro educativo. Deste xeito, e tamén nunha porcentaxe moi alta, as familias móstranse claramente a favor do fomento do idioma no ensino:





Segundo a túa opinión, debe potenciarse a presenza do galego no ensino?

63 respostas




A situación do profesorado.

O claustro de profesorado do IES Camilo José Cela está conformado por 30 profesores e profesoras (24 mulleres e 6 homes) e ten unha media de idade de arredor de 50 anos. Provéñ na súa maioría dun contexto urbano: residen no casco urbano de Padrón ou en cidades e vilas próximas como Santiago de Compostela, Ames ou Rianxo.

O profesorado manifesta usar o galego maioritariamente como lingua vehicular na súa práctica docente, segundo os datos que nos achegan as enquisas realizadas:

Lingua que empregas con carácter xeral na docencia

22 respostas




As enquisas, contestadas polo 75,8 do profesorado do centro, tamén revelan que o uso da lingua galega entre o profesorado é habitual e que é a lingua de relación co alumnado que empregan de xeito maioritario:





En que idioma te dirixes xeralmente ao alumnado?

22 respostas




- Habitualmente en galego
- Habitualmente en castelán
- Segundo o idioma que falen
- Segundo o idioma en que se teña que impartir a materia

A situación do alumnado.

A pesar dos datos favorables cara ao uso do idioma na contorna sociolingüística do centro, chama a atención, en canto aos usos lingüísticos do alumnado, o retroceso do galego fronte ao castelán, sobre todo nos niveis máis baixos do ensino. Deste xeito, **na ESO**, unha vez enquisado o 94,5% do alumnado, son maioría os alumnos e as alumnas que manifestan expresarse habitualmente en castelán:

En que lingua te expresas habitualmente?

154 respostas




- Galego
- Castelán
- Ambas por igual

Esta tendencia é oposta nos **cursos de Bacharelato**, onde, enquisado o 81,6% do alumnado de Bacharelato, o galego é claramente maioritario:

En que lingua te expresas habitualmente?

48 respostas



- Galego
- Castelán
- Ambas por igual






Esta diferenza consideramos que se debe a que nos niveis superiores incorpóranse ao centro alumnas e alumnos procedentes dos concellos rurais limítrofes e cun maior emprego do idioma propio.

Aínda así, o alumnado de ESO manifesta que fala galego na casa nunha alta porcentaxe, maior do que o declara falar habitualmente como lingua maioritaria, o que cuestiona as dinámicas de promoción do idioma no ensino e na sociedade:

En que lugar falas máis en galego? Marca os que consideres.

155 respostas




A situación lingüística do centro.

Con respecto á situación lingüística do centro, hai que destacar que todos os rótulos das distintas dependencias e a información exposta do centro e dos distintos departamentos está en galego. Este é, ademais, o idioma empregado empregado nas comunicacións oficiais, orais e escritas, e na documentación educativa e administrativa.

O Persoal Administrativo e de Servizos (PAS) emprega tamén o galego como lingua de traballo e de relación. En xeral, apréciase un importante uso da lingua galega como idioma de relación en todos os espazos e as actividades do centro, como se apunta na seguinte gráfica de uso do idioma entre o profesorado:

En que contextos consideras que tendes a empregar máis o galego?

22 respostas





2. COMPOSICIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

As / Os compoñentes do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, constituído na CCP do 24-09-2019, para o curso 2019-2020 son:

COORDINADORA: Isaura Barciela Varela

REPRESENTANTES DO PROFESORADO: Lois Gil Magariños

Sonia Gey Pérez

Manuel González Alvarellos

María Xesús Senín Fernández

REPRESENTANTES DO ALUMNADO: Hugo Rial Carballo (1º BAC)

Ana Gándara Lafuente (1º BAC)

Yaiza Dopazo Constantino (1º BAC)

Iván Martínez Jamardo (1º BAC)

Dana Sánchez Méndez (2º BAC)

REPRESENTANTES DO PAS: María del Carmen García Cascallar

3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Os obxectivos que se establecen para o fomento da lingua galega son os seguintes:

3.1. Orientados á contorna sociolingüística do centro.

a) Potenciar o emprego do galego por todos os sectores da comunidade educativa e en todos os espazos de convivencia.

b) Concienciar o alumnado e as familias da riqueza que supón o uso da lingua propia e a súa conservación e desenvolvemento.

c) Incidir na importancia e necesidade da transmisión da lingua galega dentro da familia.

d) Resaltar o valor da lingua galega como ferramenta para comunicarse co mundo da Lusofonía.

e) Implicar a toda a comunidade educativa nas actividades de fomento da lingua galega.





f) Apoiar a comunidade educativa e os departamentos didácticos no uso normalizado do idioma.

3.2. Orientados á situación do profesorado.

g) Estender o uso das ferramentas TIC en galego entre o profesorado.

h) Implicar a maior cantidade de profesorado nas actividades de fomento da lingua galega.

i) Fomentar o galego como lingua de comunicación entre os compoñentes do claustro do profesorado e co resto do persoal non docente.

3.3. Orientados á situación do alumnado.

l) Organizar actividades variadas que contribúan a estender o uso do galego a todos os ámbitos da actividade cotiá.

m) Fomentar a valoración do idioma galego como o primeiro sinal de identidade do noso pobo.

ñ) Dar a coñecer a situación sociolingüística do país, contribuíndo á mellora da consideración social do idioma e ao rexeitamento dos prexuízos lingüísticos.

3.3. Orientados á situación lingüística do centro.

o) Concienciar a toda a comunidade educativa, para que estenda o uso do galego aos seus escritos e comunicacións persoais.

p) Facer un uso natural do galego, como un acto normal de emprego da lingua propia do territorio en que vivimos.

q) Facer visible o galego no centro a través de todo tipo de comunicacións e material gráfico e visual que se expoña no recinto.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Establecemos catro grandes liñas de actuación neste proxecto de fomento anual da lingua galega no centro. O Equipo de Dinamización da Lingua Galega posuirá, como indica o artigo 15, apartado 3 do Decreto 79/2010, un “papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos”.





4.1. Mellora sociolingüística do contorno. (Obxectivos a, b, c, d, f)

Esta liña de actuación potenciará a difusión entre toda a comunidade das medidas dinamizadoras e normalizadoras que emanen da actividade do EDLG. As medidas máis destacadas neste eido organizaranse a través das seguintes iniciativas:

- *Blog do EDGL*, iriafala@blogspot.com. Será unha canle de difusión de toda a actividade do equipo.
- Mantemento da *páxina web do centro*. O equipo directivo dará protagonismo á actividade dinamizadora e fará constancia de información a través deste medio.
- Colaboración coas institucións públicas e privadas, como a propia Consellaría (sobre todo a través da participación no concurso de axudas aos proxectos de fomento do galego da Secretaría Xeral de Política Lingüística), o Concello de Padrón (a través da Concellalía de Cultura, coa que se desenvolven iniciativas como a Festa da Lingua), os centros educativos veciños (onde destacamos iniciativas como *Adopta un lector ou unha lectora*, en colaboración co alumnado de Infantil do CEIP Flavia) e outras organizacións sociais, veciñais e culturais como a Fundación Rosalía de Castro.
- Edición da Revista Escolar *Leliadoura*. Esta publicación, histórica na nosa comunidade educativa, pasou por diferentes fases e foi revitalizada no curso 2017-2018 polo EDLG. Nela adoita facerse un resumo das diferentes actividades de cada curso e incluír reportaxes e entrevistas de interese que afondan na normalización do idioma.

4.2. Apoio lingüístico ao profesorado. (Obxectivos g, h, i)

Esta liña de actuación centrarase no difusión da actividade normalizadora e no asesoramento lingüístico entre o profesorado, levando a cabo iniciativas como as seguintes:

- Atención ás necesidades os Departamentos Didácticos e das aulas-materia, proporcionándolles todo tipo de materiais que faciliten a actividade didáctica e a comunicación escrita en galego, prestando atención principalmente á difusión de ferramentas TIC para a docencia en galego.
- Promoción e visibilidade das actividades do EDLG entre o profesorado a través das diferentes canles de comunicación, especialmente visuais (taboleiros, paneis, cartaces...) e dixitais (páxina web, blogs...).
- Difusión do emprego de ferramentas básicas de comunicación en galego: configuración dos exploradores web en galego, sistemas operativos, Libre Office...





- Potenciación do centro como lugar de encontro e da lingua galega como elemento de cohesión grupal a través da implicación do profesorado en diversas iniciativas arredor do idioma: coloquios, exposicións, faladoiros, recitais, cinema, teatro, actividades deportivas...

- Asesoramento lingüístico xeral, especialmente no referente ao léxico especializado das diversas disciplinas e ás escollas terminolóxicas que se enmarquen no traballo co Currículo Integrado das Linguas.

4.3. Potenciación das actividades dirixidas ao alumnado. (Obxectivos l, m, ñ)

As actividades dirixidas ao alumnado organizaranse arredor duns eixos xerais que detallamos a continuación.

- Contribución a unha valoración positiva do idioma galego e rexeitamento de prexuízos. Neste eixo concretaranse iniciativas como:

- Difusión dunha imaxe moderna e positiva da lingua a través dos taboleiros de anuncios da entrada e a pantalla situada enriba da ventá da oficina, onde se proxectan novas e imaxes relacionadas coa promoción e difusión da lingua galega.

- Promoción da asistencia a representacións teatrais de obras en galego e de películas orixinais en galego, pero tamén dobradas ou subtituladas ao noso idioma.

- Fomento das relacións sociais en galego a través de encontros con alumnado doutros EDLG, con alumnado doutras etapas educativas como a Educación Infantil ou cos nosos maiores, reserva da nosa lingua e peza clave na súa transmisión.

- Promoción das actividades encamiñadas a aumentar o emprego do idioma nos distintos ámbitos de interese do alumnado. Neste eixo concretaranse iniciativas basicamente arredor de dous tipos de accións:

- Commemoración de datas e eventos significativos.

- Colaboración social. As actividades dirixidas ao alumnado procurarán achegar unha perspectiva social, promovendo a realización de accións en colaboración con ONG's como a Fundación Amigos de Galicia ou asociacións como AMIPA.

- Fomento do emprego do idioma galego de xeito público, en actividades que transcendan o ámbito local e familiar, como por exemplo:

- Redes sociais e medios dixitais.

- Visualización en medios de comunicación convencionais.

- Actos festivos e reivindicativos.





4.4. Mellora sociolingüística do centro. (Obxectivos o, p, q)

Unha derradeira liña de actuación xenérica céntrase na mellora sociolingüística xeral do centro. Identificaremos como centros de actuación máis destacados:

- A colaboración e participación do alumnado. Procurarase ampliar a colaboración activa co EDLG, aumentando o número de membros, equilibrando o número de mulleres e homes e establecendo unha hora de reunión semanal para cohesionar o equipo e conseguir unha maior visualización das actividades organizadas.

- A Biblioteca do centro. Activarase a participación do alumnado, en relación cos proxectos en marcha da Biblioteca como o Club de Lectura Galeano, o Voluntariado na Biblioteca Escolar, os concursos, actividades de lecturas compartidas... e, en xeral, todas as iniciativas de promoción da lectura na Biblioteca.

- A acción e implicación na promoción do idioma a través de estruturas e proxectos que se desenvolvan no centro. No IES Camilo José Cela están en marcha dinámicas arredor de diferentes proxectos en que se realizan actividades cooperativas e dinámicas que relacionan a profesorado e alumnado: o Equipo de Mediación, o Club de Letras, o Proxecto Solidario ou o Proxecto Terra. Procurarase a potenciación do idioma tamén a través das actividades relacionadas con estes proxectos.

- Indicadores e rótulos do centro. Prestarase especial atención á rotulación de espazos, entradas e saídas, paneis e dependencias do centro, renovando e actualizando a xa existente. Neste apartado apoiarase especialmente aos membros da comunidade escolar que realicen as súas comunicacións a través de espazos de exposición como taboleiros ou paneis colocados en lugares visibles do centro, para coidar o emprego da lingua nestas canles.





5. PROGRAMA DE ACTIVIDADES

5.1. Actividades na liña da Mellora sociolingüística do contorno.

► **Elaboración dun Diario de Saídas Culturais** do alumnado. Será difundido a través de varios medios, como *blog* iriafala@blogspot.com, a revista *Leliadoura* (que se publicará en formato A5 e cunha tiraxe de 300 exemplares, ademais de ser exposta en plataformas dixitais en formato PDF con enlace ao citado blog de dinamización) ou a pantalla multimedia do vestíbulo.

► **Encontros de cultura popular.** Realizaranse diferentes aproximacións á cultura popular a base de recompilación de materiais, investigacións, entrevistas, intercambio de experiencias... Con todo o material recollido realizaranse unhas sesións nas que se procurará o contacto directo con persoas transmisoras do saber popular para coñecer e apreciar o contexto cultural en que nos integramos.

► **Faladoiros-coloquio** con persoas do mundo académico, empresarial, cultural e/ou deportivo, que sexan especialmente significativas na tarefa de normalización e dinamización da lingua galega. Este ano agardamos que estean un grupo de mulleres científicas galegas que expoñerán a situación da muller no eido científico.

► **Poñer a disposición da comunidade escolar material multimedia e bibliográfico** que poida ser do seu interese a través da colaboración coa Biblioteca do centro.

► **Receitario padronés.** O alumnado preguntará polas súas casas e nos establecementos de restauración de Padrón por receitas culinarias que partan de produtos típicos da zona. A partir do material escollido, faríase unha pequena publicación para repartir entre as familias e negocios da vila e área de influencia e para difundir a través dos nosos medios dixitais (Blog, páxina web). Máis adiante mesmo podería facerse, coa colaboración do alumnado, un vídeo promocional destes produtos.

5.2. Actividades na liña do Apoio lingüístico ao profesorado.

► **Difusión de ferramentas informáticas de software libre**, como a suite de ofimática de *Libre Office* ou programas de tratamento de imaxes como *Gimp*.

► **Atender as necesidades dos departamentos didácticos e das aulas-materia**, facilitando todo tipo de materiais en galego que faciliten o emprego da lingua nas diversas áreas e materias: dicionarios, vocabularios temáticos, recursos TIC...





► **Asesoramento lingüístico e reunións de coordinación,**

onde o profesorado consulte dúbidas e poña e común as necesidades de orientación para o emprego do galego nas súas clases.

5.3. Actividades na liña da Potenciación de actividades dirixidas ao alumnado.

5.3.1. Para unha valoración positiva do idioma galego.

► **Taboleiros da lingua.** Colocación, na renovada entrada do centro, dun panel ben visible dirixido a captar a atención das persoas que accedan ao edificio e onde se colocarán de xeito visualmente atractivo informacións referentes á actualidade da nosa lingua: música, moda, actualidade, programación televisiva, carteleira cinematográfica...

► **Asistencia a representacións teatrais.** O equipo de dinamización, en colaboración co Departamento de Lingua e Literatura Galega, procurará a asistencia dunha parte significativa do alumnado a algunha obra que se represente en horario escolar

► **Proxección de curtametraxes e longametraxes galegas ou dobradas ao galego.** Para compensar o consumo masivo deste tipo de produtos audiovisuais en castelán, realizaranse proxeccións acompañadas de coloquio con personaxes convidadas (se é posible). Levaríanse a cabo no Salón de Actos do centro e, en caso de que se suscitase un interese especial por algunha das proxeccións, esta podería ser realizada no Auditorio Municipal, moi próximo ao centro, e podería ser aberta ao público ou contar coa asistencia de alumnado do veciño IES Macías o Namorado.

► **Xornadas de intercambio con alumnado doutros EDL.** Este curso está previsto realizalas co IES Félix Muriel de Rianxo. En principio, utilizaranse ferramentas TIC de videoconferencia para establecer comunicación entre o noso alumnado e o de Rianxo. Posteriormente, a actividade vincularase aos roteiros literarios que se realizarán conxuntamente nos respectivos concellos: o alumnado de Padrón actuaría de guía na Ruta Rosaliana, mentres que o de Rianxo se encargaría de levar o alumnado padronés polas rutas literarias rianxeiras (casa de Manuel Antonio, Rúa de Abaixo, Paseo da Ribeira, Cemiterio...).

► **Visitamos as nosas persoas maiores.** As persoas da chamada Terceira Idade cumpren un papel fundamental na sociedade como transmisoras de coñecementos, de valores e, moi especialmente no noso caso, como transmisoras da lingua. Coa finalidade de establecer vínculos emocionais e lingüísticos entre a mocidade e os maiores, propónse unha visita ao Centro de Día máis próximo, para que o alumnado coñeza de primeira man





e se impregne da sabedoría e do coñecemento da cultura popular das persoas de máis idade. Ademais, propiciaranse encontros con xente maior familiares ou coñecidos/as do alumnado para intercambiar impresións sobre diferentes cuestións relacionadas coa memoria vital, laboral e afectiva destas persoas.

► **Adopta un lector ou unha lectora.** En colaboración coa Biblioteca e o centro adscrito CEIP Flavia, o alumnado de 1º de Bacharelato realizará unha actividade de lectura de contos en galego aos nenos e nenas que cursan Educación Infantil no colexio veciño.

5.3.2. Promoción das actividades encamiñadas a aumentar o emprego do idioma nos distintos ámbitos de interese do alumnado.

► **31 de outubro. Samaín.** Concurso de relatos curtos de medo e misterio, acompañados nas titorías de curtas de medo e suspense. O acto central realízase o día anterior ao propio Samaín, coa lectura no Salón de Actos dos relatos premiados e dos seleccionados polo xurado. A lectura será dramatizada e ambientada de xeito que se produza a inmersión do alumnado na temática. Esta actividade será realizada en colaboración coa Biblioteca e o Club de lectura “Galeano”.

► **Novembro. Día de Ciencia en Galego.** Nos últimos cursos, e aproveitando a relevancia que cobrou a celebración do Día da Ciencia en Galego desde o comezo da súa andaina no ano 2010, celebrárase o X Día da Ciencia en Galego. Esta semana de actos dedicados á ciencia en galego ten a súa orixe na exclusión do idioma da impartición das materias científicas na ESO desde a publicación do *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*. As actividades deste ano centraranse nos homenaxeados, Manuel Murguía e Noam Chomsky. Contarase para isto coa colaboración dos Departamentos de Lingua Galega, Lingua Castelá e Física e Química.

► **25 de novembro. Día Internacional contra a Violencia de Xénero.** O EDLG colabora co que denominamos no centro Grupo de Igualdade para levar a cabo diferentes actividades relacionadas con este ámbito. No presente curso colaborarase na dotación do “Recuncho violeta”, un espazo destinado á visibilización da problemática da muller, e contarase coa participación dalgunha personalidade relevante neste eido para a realización dalgún encontro ou obradoiro de xénero.

► **Mes de decembro.** Neste curso expuxéronse traballos realizados en material de reciclaxe e imprimiuse a tarxeta de felicitación do Nadal, como é tradición no centro.





► **30 de xaneiro. Día da Paz.** Organización dun recital

poético-musical no vestíbulo do centro e colaboración cos departamentos de Lingua Galega, Filosofía e Música.

► **14 de febreiro. Día dos Afectos.** Edición dunha postal e caixa de correo con textos e dedicatorias que reflictan os afectos que establecemos entre as persoas máis próximas.

► **Entroido.** O último día lectivo antes das datas de Entroido celebrárase o concurso de disfraces con coplas e pequenas dramatizacións e entremeses satíricos. Realizarase en colaboración coa Vicedirección.

► **24 de febreiro. Día de Rosalía.** Neste curso, ademais de participar nas actividades organizadas pola Fundación Rosalía de Castro, realizárase un recital poético no centro.

► **Mes das Letras Galegas.** Neste mes participárase no Correlingua, asistindo á convocatoria de Santiago de Compostela. Planearanse diferentes actividades en colaboración coa Biblioteca do Centro e o Departamento de Lingua e Literatura Galega.

► **Campañas de recollida de alimentos,** en colaboración coa Fundación Amigos de Galicia, o Departamento de Filosofía e o CPI Flavia. Durante todo o curso lévase a cabo a recollida de alimentos no vestíbulo do centro, na que o alumnado se implica e colabora tamén a través da materia de Valores Éticos e das actividades que organiza o Departamento de Filosofía no currículo da mesma.

► **Encontro cos membros de AMIPA.** Este curso está previsto repetir o encontro entre representantes desta asociación e o alumnado do centro, como xeito de recoñecer o mérito das persoas con discapacidade e os retos aos que se enfrontan na súa vida diaria. Realizarase en colaboración co Departamento de Filosofía.

5.3.3. Fomento do emprego do idioma galego de xeito público, en actividades que transcendan o ámbito local e familiar.

► **Festa da lingua.** Participación no festival musical celebrado no mes de maio na padronesa Praza de Macías e organizado desde o ano 2015 polo *Concello de Padrón*, ao que asiste o alumnado de secundaria dos dous centros do concello.

► **Encontros con escritores e escritoras.** En colaboración cos Departamentos didácticos (sobre todo Lingua Galega e Lingua Castelá) e coa Biblioteca do centro, o EDLG procurará achegar a figura e a obra de autores e autoras representativas ao centro.





► **Visita á Casa-Museo de Rosalía de Castro.** Cara a finais de

curso realizarase unha visita a este lugar emblemático da nosa contorna, onde se levará a cabo unha visita dramatizada e diferentes actividades para o alumnado de 1º de ESO.

► **Regueifesta.** O evento *Regueifesta* foi impulsado desde o curso 2016-2017 a través de diferentes convocatorias realizadas en Santiago de Compostela coa participación de centros de toda Galicia e de comunidades e países veciños onde se cultivan distintas formas de improvisación oral en verso. O noso centro mantén unha participación estable, ao contar con alumnado moi versado no xénero da Regueifa, que volveu participar no encontro celebrado no salón de actos do teatro IES Rosalía de Castro o 19 de novembro dentro do *Encontro Escolar de Repente Galego-Portugués*, denominado este curso IV Xornadas "De repente en Compostela".

5.4. Actividades na liña da Mellora sociolingüística do centro.

► **Contribución á dotación da Biblioteca con máis e mellores fondos en galego.**

► **Listaxes de libros, novelas gráficas, obras de poesía, obras de divulgación...** ordenadas por temas e/ou intereses, que sexan elaboradas polo alumnado colaborador de biblioteca e expostas de xeito visualmente rechamante.

► **Selección de lecturas feministas en galego.** Esta actividade irá destinada ao espazo do centro denominado *Recuncho violeta*, situado nun lado do vestíbulo e onde se expón e visibiliza información e ámbitos de actuación en torno á igualdade e á loita contra a discriminación da muller.

► **Nomeamos as aulas.** Nas horas de titoría, o alumnado de cada grupo escollerá un referente identitario, unha figura ou aspecto representativo de Galicia, e buscará información, textos ou materiais gráficos relacionados. Co material obtido elaborará uns carteis ou indicadores que colocará na porta ou na parede exterior da aula e no que incluírá parte da información recollida ou imaxes que asignarán esa aula á figura seleccionada.





6. CADRO-RESUMO DE ACTIVIDADES. CURSO 2019-2020

ENTIDADE SOLICITANTE					
CENTRO	IES CAMILO JOSÉ CELA			NIF	Q-6555544-C
Nº UNIDADES	11	Nº ALUMNADO	238	CÓDIGO	15012730
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN					
NOME	MANUEL	APELIDOS	GONZÁLEZ ALVARELLOS	NIF	
DATOS DA PERSOA COORDINADORA DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO					
NOME		APELIDOS		NIF	
SOLICITA					
Axuda económica para levar a cabo as actividades que se mencionan no proxecto que se achega con esta solicitude e acóllese ao disposto na <i>Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se anuncia a convocatoria de axudas para a presentación de proxectos de fomento de uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2019-2020.</i> (Código de procedemento PL500A)					
CANTIDADE SOLICITADA	_____ €				
CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES					
TEMPORIZACIÓN	ACTIVIDADE	PROFESORADO RESPONSABLE	DESTINATARIOS /AS	ORZAMENTO	
Todo o curso	Xestión e difusión do Blog do EDLG	Coordinadora	Comunidade escolar		
	Xestión do taboleiro da lingua	Coordinadora	Comunidade escolar	50 €	
	Proxeccións na pantalla da entrada	Coordinadora	Comunidade escolar		
	Nomeamos as aulas	EDLG e profesorado	Alumnado	50 €	
	Receitario padronés	EDLG e profesorado	Comunidade escolar e contorna	150 €	
	Asistencia a representacións teatrais	EDLG	Alumnado		
	Elaboración dun diario de saídas culturais do alumnado	EDLG e profesorado	Alumnado, comunidade escolar e contorna		
	Recompilación de material para a Revista <i>Leliadoura</i>	EDLG e comunidade escolar	Alumnado, comunidade escolar e contorna		
	Colaboración coa recollida de alimentos do Proxecto solidario	EDLG e comunidade escolar	Alumnado, comunidade escolar e contorna		
Proxección de curtas e longametraxes en galego	EDLG	Alumnado			





1º Trimestre	Actividades para o Samaín	EDLG, profesorado e Biblioteca	Alumnado	75 €
	Adopta un lector ou unha lectora	EDLG, profesorado e Biblioteca	Alumnado	50 €
	Día da Ciencia en Galego	EDLG e profesorado dos departamentos de L. Galega, L. Castelá e Física	Alumnado	50 €
	Actividades do Día Internacional contra a Violencia de Xénero	EDLG e profesorado	Alumnado e comunidade escolar	100 €
	Preparación da árbore de Nadal e impresión de tarxetas	EDLG e profesorado	Alumnado e comunidade escolar	100 €
	Faladoiros-coloquio con persoas representativas da ciencia, empresa...	EDLG e profesorado	Alumnado	50 €
	<i>Regueifesta.</i> IV Xornadas	EDLG e Vicedirección	Alumnado e comunidade escolar	200 €
2º Trimestre	Recital poético-musical Día da Paz	EDLG, Biblioteca e Club de Lectura	Alumnado	
	Festival de Entroido	EDLG e Vicedirección	Alumnado	75 €
	Día de Rosalía: recital poético	EDLG, Vicedirección e Departamento de Lingua Galega	Alumnado	
	Días dos Afectos: edición de postais, textos e mensaxes	EDLG e Vicedirección	Alumnado	50 €
	Encontro con escritoras e escritores	EDLG e Vicedirección	Alumnado	Se hai orzamento
3º Trimestre	Mes das Letras: participación no Correlingua e Mesas temáticas de conversas con protagonistas de diferentes ámbitos	EDLG e Vicedirección	Alumnado	200€
	Xornadas de cultura popular: o xogo e a cultura dos antergos	EDLG e Vicedirección	Alumnado	150 €
	Visitamos os nosos maiores	EDLG	Alumnado	
	Edición dixital da revista <i>Leliadoura</i>	EDLG	Alumnado e contorna	400 €
	Xornada de intercambio co IES Félix Muriel de Rianxo	EDLG	Alumnado	150 €

